

Feira do Viño do Rosal 2019

PRESENTACIÓN DA XXVII FEIRA DO VIÑO DO ROSAL

DIA: 28 DE XUÑO DE 2019

LUGAR: Taberna o Lagar en Eiras

Enderezo: Picóns de arriba, nº12 (36770) O Rosal, Pontevedra

www.lagareiras.com

HORA: 12:00 HORAS

A orde de intervencións será que segue:

- Apertura do acto a cargo de *Ánxela Fernández Callís*, **Alcaldesa do Rosal**.
- Intervención de Enrique Costas, **Confrade fundador da Confraría de Cabaqueiros do Viño do Rosal**.
- Peche do acto a cargo de *Ánxela Fernández Callís*, **Alcaldesa do Rosal**.

Finalizada a presentación servirase un viño do Rosal.

O Rosal, xuño de 2019.

XXVII FEIRA DO VIÑO DO ROSAL

Este ano celebramos a XXVII Feira do Viño do Rosal, que unha vez máis reúne na Praza do Calvario a numerosas empresas vitícolas.

Celebrarase os días 12, 13 e 14 de xullo na Praza do Calvario reunindo á maioría das adegas pertencentes a subzona do Rosal.

A feira do viño, que está xa consolidada, recibe anualmente milleiros de visitas que degustan os viños que se producen nesta comarca, amparados na denominación de orixe Rías Baixas, pero tamén disfrutan dunha gran variedade de produtos típicos da zona e actividades paralelas que completan a oferta lúdica neses días centrais do mes de xullo.

A Inauguración levarase a cabo o venres 12, ás 20:00 horas, na Praza do Calvario. Estamos pendente de confirmar a persoa encargada de facer o acto d inauguración da feira.

Pola outra banda, o encargado de facer o pregón este ano xestiónase a través da Confraría dos Cabaqueiros do Viño do Rosal e estamos pendentes tamén de confirmalo.

En canto teñamos confirmadas ámbalas dúas cousas informaremosvos.

A feira do viño do Rosal consolídase un ano máis cun dobre obxectivo; promoción empresarial, por un lado, e de promoción turística, por outro.

1.- CARTEL DA FEIRA DO VIÑO.

O cartel da feira continúa manténdose

Cartel da Feira do Viño
Creadora: Ana Cividanes.
629108738



2.- ORZAMENTO FEIRA

O orzamento previsto para este ano ronda os 40.000€

Ingresos: venda de cataviños, achega do concello e subvencións de varias institucións. Contamos con subvencións do **Consello Regulador, Deputación Provincial, Turismo de Galicia**.

3.- DISPOSICIÓN DO RECINTO FEIRAL

A disposición dentro do recinto feiral será :

Na Praza:

1º.-Stands: 10 **adegas**, 1 de **produtos vexetais**, 1 **destilería** e **Consello Regulador** da D.O. Rías Baixas.

2º.-Carpas: Este ano seguiremos contando con 7 restauradores da zona que proveerán de diferentes produtos gastronómicos.

3º.- Carpa, mesas e cadeiras:

Instalarase unha carpa de na que se poderán acomodar ata 260 persoas e colocaranse 100 mesas altas (barriles) e 100 mesas das baixas tratando de encher a praza.

No centro da praza contaremos co stand de información e venda de cataviños

4.- AMBIENTACIÓN MUSICAL

En canto ambientación musical contaremos con tres grupos musicais, un para cada día, así como dous grupos de música tradicional galega.

- Venres, a partir das 23:00: **Grupo “Pros&Ma”**
- Sábado a partir das 13:30 Música tradicional galega **“Grupo de Gaitas Airiños do Folón”**
- Sábado, a partir das 23.00 **Grupo “Terapia de Grupo” (Anexo)**
- Domingo, a partir das 13:30 **“Pandereteiras Tremelique”**
- Domingo, a partir das 18:30 horas: **Grupo “Tonichi e Pacheco”**

5.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

As actividades complementarias que se realizarán durante a feira son:

a.- por un lado repetiremos como nas pasadas edicións de **inchables, obradoiros de maquillaxe para nenos** e outras actividades para entreter ós máis pequenos.

b.- Contaremos coa **5K** ou **10K**, a **andaina** e **carreira de nenos** nas que vos podedes anotar aínda na súa páxina web. www.10korosal.com

c.- **Exposicións culturais (pintura, escultura, filatélica e numismática)** e este ano **tamén permanecerá aberto o Museo do Cabaqueiro**.

Ademais contaremos coas seguintes actividades:

d.- Con motivo dun profesional do eido vitivinícola realizarase unha **cata comentada** dos viños do Rosal o venres da feira ás 13.00. Tódalas persoas interesadas en participar terán que anotarse previamente para poder asistir a esta cata.

d.- Por outro lado, contaremos novamente coa realización do **Showcooking e o obradoiro de cociña para nenos** tendo en conta o éxito que tivo o ano pasado. En ámbolas dúas actividades promocionaranse os produtos de temporada e da zona. A duración de cada actividade será dunha hora e media aproximadamente e os nenos regalaráselle un delantal e un gorro de cociñeiro. Os nenos interesados en participar terán que anotarse previamente.

e.- Tamén contaremos este ano cun **Obradoiro de tellas** na que poderán participar tanto nenos como adultos co obxectivo de por en valor unha tradición con moito arraigo no Concello do Rosal.

6.- SERVIZO DE TRANSPORTE Á FEIRA DO VIÑO DO ROSAL

Un ano máis contaremos co servizo de transporte entre O Rosal e Tui ademais do da Guarda que xa se viña realizando dende hai anos. O prezo oscilará entre 1€ e 2€ dependendo do traxecto.

7.- PARTICIPANTES FEIRA

En canto ós participantes da feira son:

1. Pedregales
2. Gaudila
3. Altos de Torona
4. Gran Novás
5. Quinta Couselo
6. Santiago Ruíz
7. Lagar de Cervera
8. Valmiñor
9. Terras Gauda
10. O Aforado
11. A Rosaleira; produtos vexetais envasados.
12. Ginabelle
13. Pazo Valdomiño
14. Consello Regulador e Ruta do Viño Rias Baixas

Así mesmo, informamos de que durante o mediodía dos días da feira estarán abertos uns stands o sábado e outros o domingo. Concretamente do seguinte xeito:

SÁBADO: bodegas abertas

Terras Gauda
Gran Novas
Pedregales
Lagar de Cervera
O Aforado

DOMINGO: bodegas abertas

Santiago Ruiz
Quinta de Couselo
Gaudila
Tollodouro
Valmiñor

8.- PRODUTOS GASTRONÓMICOS PREVISTOS

No eido gastronómico contaremos con seis restauradores da zona para poder abarc o numeroso público asistente á feira.

1. Restaurante Xantar
2. Restaurante As Brasas
3. M^a Dolores Álvarez González.
4. Pastelería Montserrat
5. Pastelería do Conde
6. Pulpería Jose Carlos Potel
7. Pulpería Tere

9.- PROGRAMA DA FEIRA

Venres, 12 de xullo

13.30 **Cata comentada** de viños do Rosal (previa inscrición)

20.00 Inauguración

20.10 Pregón

20.20 Presentación Confraría Cabaqueiros do Viño do Rosal, nombramento cofrades e entrega de insignias.

20.30 Visita ós expositores, exposicións e degustación de viños do Rosal

23.00 **Actuación musical** a cargo de “Pros&Ma”

02:00 Peche da Feira

Sábado, 13 de xullo

11:00 **Carreira** de nenos (previa inscrición)

12:00 **Obradoiro de cociña** para nenos de 5 a 12 anos (previa inscrición)

13:30 **Grupo** de música tradicional galega “Grupo de Gaitas Airiños do Folón”

19.30: **Obradoiro de elaboración artesanal de tellas** (previa inscrición)

20:30 **Showcooking** diante do concello.

23.00 **Actuación musical** a cargo do grupo “Terapia de Grupo”

02:00 Peche da Feira

Domingo, 14 de xullo

10:00 **Andaina** 10k (previa inscrición)

11:00 **Carreira** 10K (previa inscrición)

13:30 **Actuación** das “Pandereteiras Tremelique”.

18:30 **Actuación musical** a cargo do grupo “Tonichi e Pacheco”

24:00 Clausura da Feira

10.- EXPOSICIÓNS

EXPOSICIÓNS do 12 ao 28 de xullo na Sala de Exposicións do Concello e local anexo.

HORARIO:

De luns a venres: de 11:00 a 13:00 horas

Sábados, domingos e festivos: de 11 a 13:00 e de 20 a 22 horas

- EXPOSICIÓN DE **PINTURA** A CARGO DE SOKY
- EXPOSICIÓN DE **ESCULTURA** DE ROGELIO FORTES
- COLECTIVA DO GRUPO **FILATÉLICO** E NUMISMÁTICO VAL DO ROSAL, XXVI EDICIÓN NO QUE PRESENTARÁN O SEU MATASELLOS CONMEMORATIVO QUE ESTE ANO REPRESENTA A VARIEDADE DE CAÍÑO BRANCO.

ANEXO ACTUACION MUSICAL DO SÁBADO

“TERAPIA DE GRUPO “

FORMACIÓN MUSICAL CON MAIS DE CATRO ANOS DE VIXENCIA, E AVALADOS POR MAIS DE 100 ACTUACIÓNS ANUAIS POR TODA GALICIA EN DIVERSOS ESPAZOS, CON UNHA PROPOSTA MUSICAL DIVERTIDA E ATRACTIVA, PARA TODO TIPO DE EVENTOS CULTURAIS, E TÓDOLOS PÚBLICOS.

O SEU AMPLO E VARIADO REPERTORIO ESTA COMPOSTO POR VERSIÓNS DE DIFERENTES ÉPOCAS E ESTILOS COMO SON O POP ESPAÑOL, RUMBA, POP LATINO, FOLK IRLANDÉS, MÚSICA GALEGA, VERSIÓNS DE MÚSICA DISCO DOS 80, ETC.

TEMAS DE NACHA POP, RADIO FUTURA, LOS RODRÍGUEZ, LOQUILLO, JOAQUÍN SABINA, MCLAN, MELENDI, SECRETOS, FITO Y FITIPALDIS, ANDRES CALAMARO, JUAN LUÍS GUERRA, ESTOPA, CELTAS CORTOS, EXTREMODOURO, REVOLVER, THE CORS, E UN AMPLO ETC, CONFORMAN UN AMPLIO REPERTORIO MOI VARIADO EN FORMATO ACÚSTICO.

LINK A NOSA PÁXINA DE FACEBOOK:

<https://www.facebook.com/TERAGP/>

ANEXO ACTUACIÓN MUSICAL DO DOMINGO

Tonichi e Pacheco

Dúo de versiones de impecable calidad musical, dos guitarras y dos voces, han recorrido escenarios por todo el mundo.

Su espectáculo cuenta con una parte instrumental, y otra cantada en la que el público se implica rápidamente.

"UN PLACER PARA TODOS LOS SENTIDOS".

[*Audio Tonichi y Pacheco*](#)

[*Videos Tonichi y Pacheco*](#)

[*Web Tonichi y Pacheco*](#)

ANEXO

XXVI EXPOSICION FILATELICA E NUMISMATICA

Este año 2019, nuestro Grupo Filatélico y Numismático "Val de O Rosal", organiza la XXVI Exposición, coincidiendo con la XXVII Feira de Viño do Rosal.

Cuando se celebró la I Feira do Viño, Alfonso Dorado Senra, pensó en exponer las colecciones de los filatélicos de nuestra zona. En la II Feira, nuestro Grupo ya organizó la I Exposición y así hasta este año que celebramos la XXVI edición.

El Grupo como tal, se fundó en Octubre del año 1.997.

*Continuando con la serie que iniciamos hace 2 años, en nuestro sello y matasello conmemorativo, **se representa la variedad de uva Caiño Branco.***



Como es costumbre, también tenemos sobre ilustrado y postal conmemorativos.

La variedad de uva Caiño, es fundamental para la elaboración de nuestro afamado vino de O Rosal.

Esta variedad de uva en estos momentos es escasa y se está intentando recuperar en nuevas plantaciones.

También aprovechamos para invitar a todos los visitantes de la Feira do Viño de O Rosal, a presenciar nuestra exposición, en la que podrán admirar colecciones muy interesantes, tanto Filatélicas como Numismáticas.

Alfonso Dorado Senra
Presidente



POSTA EN MARCHA DA CONFRARÍA CABAQUEIROS DO VIÑO DO ROSAL

Con motivo da celebración da **27ª Feira do Viño do Rosal**, a Asociación Adegas do Rosal, ten a ben presentar a posta en marcha da **Confraría dos Cabaqueiros do Viño do Rosal**.

Esta Asociación empresarial nace no ano 2018 co obxecto de representar ao sector vitivinícola das Rías Baixas, subzona do Rosal e contribuír así á mellora da súa competitividade. A día de hoxe esta entidade asociativa se conforma polas nove adegas amparadas pola Denominación de Orixe Rías Baixas, que traballan xuntas por acadar estes obxectivos e contribuír así tamén ao desenvolvemento socioeconómico local.

Neste primeiro ano de traballo conxunto, se identificaron e definiron liñas de acción prioritarias que, desenvolvidas a curto prazo, promoveran un fortalecemento produtivo e unha mellora da profesionalización sectorial.

En concreto, e conscientes da singularidade que lle repercute ao produtos vitivinícolas as cualidades da comarca e concretamente do municipio do Rosal, é que se pon en marcha a Confraría dos Cabaqueiros do Viño do Rosal, Unha Confraría a través da que fundamentalmente se pretende facer honra á **calidade do viño** producido no Rosal e amparado baixo a Denominación de Orixe “Rías Baixas”, ligada ás **peculiaridades do territorio**: naturais, sociais, culturais e económicas.

E, como o propio nome desta entidade indica, a través da que se traballa por facer honra a esas persoas que durante moitos anos, foron quen de manter un sector tradicional e artesanal, representativo deste territorio: **Os Cabaqueiros**. Elaboradores artesanais de tella e ladrillo durante os séculos XVIII e XIX, foron quen de monopolizar a explotación deste oficio pola elevada destreza que adquiriron ao longo dos anos. Un oficio fortemente ligado ao municipio do Rosal, que lle imprimiu carácter e que contribuíu ao seu desenvolvemento socioeconómico.

Por último, a través desta Confraría se fará tamén honra do **municipio do Rosal**, do territorio, da peculiar xeografía e climatoloxía, dos seus produtos, da súa tradición e da súa xente e arraigo cultural.

Como conclusión, a **MISIÓN** como confraría é exaltar a riqueza vitivinícola do viño Rosal, **D.O. Rías Baixas, Subzona do Rosal** e a **tradición cabaqueira**, a través de diferentes manifestacións artísticas, literarias, sociais, culturais, etc. Contribuíndo así ao incremento do coñecemento e da apreciación social local e fora do territorio, destes elementos patrimoniais.

A **VISIÓN** é a de fortalecerse como entidade social vinculada ao recoñecemento do viño do Rosal, a través do crecemento tanto en número de cofrades, como diversificando accións e actividades que promovan interaccións dos axentes ligados a este sector e ao territorio

E, xa por último, os **valores** sobre os que se articulan as accións desenvolvidas son: a calidade, o compromiso, a irmandade, a conserva do patrimonio e a responsabilidade.

O funcionamento desta Confraría, se articula segundo a seguinte estrutura:

- **Confrades fundadores:** as nove adegas que poñen en marcha e constitúen a Asociación Adegas do Rosal
 1. Terras Gauda
 2. Adegas Val Miñor
 3. Lagar de Pedregales
 4. Quinta de Couselo
 5. Adegas Novás
 6. Bodega Aforado
 7. Altos de Torona
 8. Lagar de Cervera
 9. Santiago Ruiz

- Confrades de honra: entidades ou persoas cun peso e unha traxectoria ligada ao ámbito sectorial vitivinícola, de gran notoriedade ou ben ligada ao desenvolvemento social, económico, cultural ou natural do territorio, ámbito de actuación. Estas entidades/persoas serán propostas para ser partícipes da Confraría, polos Confrades fundadores.

- Confrades: outras persoas e ou entidades que, se ben non teñen a relevancia dos anteriores, sí tamén contribuíron ou contribúen a día de hoxe ao desenvolvemento local e á mellora da competitividade sectorial. Así mesmo, estas persoas serán tamén propostas para ser partícipes da Confraría, polos propios Confrades fundadores.

Todos estes **confrades** terán dereito a ostentar a **roupaxe e emblema propio desta entidade**, tanto no acto propio de investidura, coma en cantos actos organice a Confraría, ou se asista en representación da mesma. Os emblemas propios desta confraría son un sombreiro estilo panamá, un broche de solapa e unha placa en bronce, todos eles co emblema ou imaxe da confraría.

A dinamización desta entidade pasa por levar a cabo accións asociativas nas seguintes liñas, có obxecto de contribuír a resaltar as singularidades dos viños do Rosal e a riqueza patrimonial e idiosincrasia do territorio:

- ☐ Organizar e ou participar en manifestacións de todo tipo (artísticas, literarias, sociais, culturais, etc)
- ☐ Manter relacións de irmandade con outras entidades similares de calquera ámbito territorial
- ☐ Permitir e facilitar o ingreso na Confraría a cantos persoeiros o merezan, para fomentar o alcance dos obxectivos plantexados.